



**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)  
María Belén Rodríguez Tourón (vogal Intervención)  
Juan Ramón Costas Núñez (vogal Asesoría xurídica)  
José Javier Rivera Martínez (vogal/secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 09:00 horas do 19/04/2024, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Exame da documentación correspondente ao depósito da garantía definitiva e da xustificación dos requisitos previos para contratar e, no seu caso, proposta de adxudicación, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO, A EXECUCIÓN DAS OBRAS E A DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DO DENOMINADO “PARQUE COTO DE CANEDO”, QUE INCLÚE ESPAZOS LIBRES, PARQUE PÚBLICO, APARCAMENTO PÚBLICO SOTERRADO, E PISCINA, SITUADO NO SU-32, ZONA 2 DO P.X.O.U. DE 1986, INTERIOR DA MAZÁ FORMADA POLAS RÚAS SAN ROSENDO, SAN FROILÁN, AVDA DAS CALDAS, AVDA. BASILIO ÁLVAREZ, VICTORIA KENT E JESÚS POUSA RODRÍGUEZ (Expte. nº 2022040924)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

---

O secretario pregunta aos membros asistentes se, á vista das ofertas recibidas, se atopan nalgunha situación susceptible de xerar conflito de intereses. Ningún dos asistentes manifesta atoparse en situación de conflito de intereses.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O Concelleiro da área de contratación, mediante Decreto núm. 2023010139, de 18/12/2023, resolveu:





“Primeiro.- Avaliar e clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación e os criterios de desempate previstos no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto, a execución das obras e a dirección facultativa para a construción e urbanización do denominado “Parque Coto de Canedo”, que inclúe espazos libres, parque público, aparcamento público soterrado, e piscina, situado no SU-32, zona 2 do P.X.O.U. de 1986, interior da mazá formada polas rúas San Rosendo, San Froilán, avda. das Caldas, avda. Basilio Álvarez, Victoria Kent e Jesús Pousa Rodríguez (Expte. nº 2022040924) na seguinte orde decrecente:

| Nº | EMPRESA                      | TOTAL |
|----|------------------------------|-------|
| 1  | Petrolam Infraestructuras SL | 92,10 |

Segundo.- Requirit a Petrolam Infraestructuras SL, titular do NIF B32304115, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación acreditativa de ter depositado na Tesourería municipal a garantía definitiva, por importe de 5% do prezo ofertado, IVE excluído (323.052,96 €) en calquera das formas previstas no artigo 108 da Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP), e para que en idéntico prazo achegue a documentación que establece o artigo 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, acreditativa do cumprimento dos requisitos previos aos que alude o artigo 140 da LCSP”.

**Segundo.-** Na data 18.12.2023 efectuouse a notificación á empresa licitadora.

**Terceiro.-** Incorporouse ao expediente, de oficio, certificado positivo acreditativo da inexistencia de débedas de carácter tributario co Concello de Ourense da empresa Petrolam Infraestructuras SL (CÓDIGO CSV:2I5UCD2XZNI21S0W).

**Cuarto.-** A Mesa de contratación en sesión de 10.04.2024 acordou requirir á empresa Petrolam Infraestructuras SL para que emendara diversas deficiencias en relación á xustificación da solvencia técnica dos integrantes do equipo de traballo, conferíndolle un prazo de cinco días naturais.

**Quinto.-** Comprobouse que obra no expediente toda a documentación solicitada de oficio e requirida ao contratista dentro do prazo conferido.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.

No presente caso a oferta da empresa Petrolam Infraestructuras SL foi a única admitida na licitación logo das exclusións efectuadas pola Mesa, en sesión de 23/11/2023, das proposicións das empresas Oreco Galgón SA e a UTE Extraco, Construcións e Proxectos SA (60%) e Coviastec SL (40%) ao non acadar as ofertas técnicas a puntuación mínima esixida no artigo 8 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para adxudicar o contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local.





En base ao que antecede, a Mesa de contratación adopta o seguinte acordo co voto particular da Viceinterventora municipal:

1.- Elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de adxudicación, de conformidade co disposto no artigo 157.1 da LCSP e o artigo 11 do PCAP, condicionada á fiscalización da Intervención municipal:

“Primeiro.- Adxudicar a Petrolam Infraestructuras SL, titular do NIF B32304115, o contrato de redacción do proxecto, a execución das obras e a dirección facultativa para a construción e urbanización do denominado “Parque Coto de Canedo”, que inclúe espazos libres, parque público, aparcamento público soterrado, e piscina, situado no SU-32, zona 2 do P.X.O.U. de 1986, interior da mazá formada polas rúas San Rosendo, San Froilán, avda. das Caldas, avda. Basilio Álvarez, Victoria Kent e Jesús Pousa Rodríguez financiado parcialmente con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU, ao abeiro do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano (aprobado pola Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto), código de actuación P09\_L2\_20220929-1 (Expte. nº 2022040924), de acordo co prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e as ofertas presentadas, por resultar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, por un prezo de 6.461.059,12 €, en concepto de principal, e 1.356.822,42 €, en concepto de IVE, para un total de 7.817.881,54 €, o que representa unha baixa do 1,79% con respecto ao orzamento de licitación.

Detalle do prezo:

- Redacción do proxecto: 287.060,97 € máis 60.282,80 € de IVE, dando un total de 347.343,77 €.
- Execución da obra: 5.869.206,38 € máis 1.232.533,34 € de IVE, dando un total de 7.101.739,72 €.
- Dirección facultativa: 304.791,77 € máis 64.006,28 € de IVE, dando un total de 368.798,05 €

Melloras:

- Ofrece a elaboración, desenvolvemento e entrega tanto do proxecto básico, como de execución e documentación de seguimento e finalización das obras en formato BIM, de acordo coa norma ISO 19650.
- Se compromete a reducir nun mes o prazo de execución da FASE 1 (redacción do proxecto básico).
- Se compromete a reducir nun mes o prazo de execución da FASE 2 (redacción do proxecto de execución).
- Se compromete a reducir o prazo de execución da Fase III (execución das obras) no prazo de 5 meses.
- Se compromete a aumentar o prazo obrigatorio de garantía da obra nun prazo de 24 meses a maiores do establecido dun ano.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe de sete millóns oitocentos dezasete mil oitocentos oitenta e un euros e cincuenta e catro céntimos de euro (7.817.881,54 €) a favor da





empresa adjudicataria Petrolam Infraestructuras SL, titular do NIF B32304115 con cargo á aplicación orzamentaria e o detalle que a continuación se relaciona:

| <b>Anualidade</b> | <b>Total</b>   | <b>Aplicación orzamentaria</b> | <b>Nº operación RC</b> | <b>Proxecto gasto</b> |
|-------------------|----------------|--------------------------------|------------------------|-----------------------|
| 2024              | 2.431.108,02 € | 160.1710.60902                 | 202400012545           | 23-2-16-01            |
| 2024              | 2.398.558,41 € | 160.1710.60902                 | 202400011076           |                       |
| 2025              | 2.988.215,69 € | 160.1710.60902                 |                        |                       |

De conformidade co establecido no artigo 174 do Real Decreto Lei 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das facendas locais, a autorización do gasto para o exercicio 2025 se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente no referido exercicio.

Terceiro.- Dar traslado á Tesourería municipal dos acordos precedentes aos efectos contables oportunos”.

Réxime de recurso: Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpor potestativamente o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ante Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte a aquel en se notificara esta resolución, de conformidade co artigo 58 do RD Lei 36/2020. O escrito de interposición do recurso poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Así mesmo, poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou no rexistro do Tribunal Administrativo de contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (<https://tacgal.xunta.gal>) e a este acompañarase a documentación que establece o artigo 51.1 da Lei de contratos do sector público, que é a seguinte:

- O documento que acredite a representación do comparecente, salvo se figurase unido ás actuacións de outro recurso pendente ante o mesmo órgano, en cuxo caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por transmitirla outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente no que recaera ou do boletín oficial ou perfil do contratante no que se publicara.
- O documento ou documentos nos que funde o seu dereito.
- Unha dirección de correo electrónico “habilitada” á que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

No caso de que non se opte por esta vía, cabe interpor directamente un recurso contencioso-administrativo ante os órganos competentes da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a aquel no que se reciba a notificación desta resolución, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

VOTO PARTICULAR de M<sup>a</sup> Belén Rodríguez Tourón:

A interesada fai constar, en relación á proposta de elevar ao órgano de contratación a proposta de adjudicación, de conformidade co disposto no artigo 157.1 da LCSP e o artigo 11 do PCAP, o seu desacordo ás referencias ao financiamento que se conteñen no apartado segundo da proposta, por non ser competencia da mesa de contratación realizar propostas máis aló das funcións que se atribúen na lexislación reguladora da contratación administrativa.





Concello de  
**OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1  
32005-Ourense  
Tfno. 988 269 333  
e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

Neste senso, cómpre traer a colación que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, reserva ás mesas de contratación diversas funcións entre as que se atopan fundamentalmente a avaliación das proposicións formuladas polos licitadores nun procedemento de licitación pública, así como a formulación dunha proposta de adxudicación ao órgano de contratación de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados polo órgano competente, sen que esta outorgue dereitos a favor do licitador proposto.

En ningún caso, atribúe a normativa á mesa de contratación facultades relacionadas coa xestión orzamentaria do gasto, pois estas, ao meu entender, corresponden ao responsable da tramitación do expediente e serán reflectidas no informe –proposta emitido, ao efecto, para a adopción do acordo que proceda.

A Vice-interventora deixa constancia, que a sinatura do acta é na súa condición de membro da mesa de contratación, sen que esta condicione o sentido da fiscalización previa preceptiva dos posteriores acordos

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

